

## SOLICITUDE

Iria Taibo Corsanego, con documento de identidade 46904413F, en nome e representación da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación, con NIF G-15797327 e enderezo na rúa Manuel Gutiérrez Mellado, 10 baixo C (Oleiros).

En relación co Decreto da Presidencia da Deputación Provincial da Deputación de Ourense do 4 de abril de 2019 pola que se convoca un proceso selectivo para contratación laboral temporal polo procedemento especial de urxencia, publicada no BOE n.º 88, do día 9 de abril de 2019 e que publica a seguinte convocatoria:

*Bases de selección como persoal laboral temporal para un/unha tradutor/a de galego para o gabinete de galego*

### EXPÓN

- Que o posto descrito é de tradutor/a de galego, mais entre as titulacións admitidas para a contratación non se inclúe a licenciatura nin o grao en tradución e interpretación.
- Existe un grao universitario que se imparte na Universidade de Vigo, do que saen cada ano graduados e graduadas en condicións técnicas de facer este traballo.

Por todo isto

### SOLICITA

Que se inclúa a licenciatura ou grao en tradución e interpretación como requisito para esta convocatoria.

Pontevedra, 10 de abril de 2019

Asinado,

Iria Taibo Corsanego

Presidenta

Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación